



INFORME ANUAL (PAESU)

**(Satisfacción do Alumnado sobre
a Docencia do Profesorado)**

MATERIAS IMPARTIDAS NO MESTRADO

(Percepción do estudiantado)

**Mestrado en Intervención Multidisciplinar
na Diversidade en Contextos Educativos**

Curso 2019-20

INDICE

Introducción	3
Análise de resultados	3
Conclusiones	15
Anexos	16

INTRODUCCIÓN

Para o desenvolvemento da avaliación de maneira orientativa séguense as indicacións ofrecidas no Procedemento de Satisfacción das Usuarias/os (CÓDIGO MC-05 P1, ÍNDICE 04), en base a recollida de información que se realizou nos distintos módulos e materias do mestrado ao alumnado presente, pasando posteriormente a analizala para obter os resultados.

No Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos contase durante o curso escolar 2019-2020 con case unha vintena de estudantes/as. A recollida de información sobre o desenvolvemento das materias e o profesorado posibilita mediante a súa análise avaliar e coñecer sobre todo os puntos fortes e débiles para poder atallar este últimos, proponendo propostas e melloras.

O número de estudantes que respostan ao cuestionario aberto permite coñecer a marcha das respectivas materias e as dinámicas de traballo do profesorado. Excepcionalmente, existen materias nas que soamente se obtivo información a través de un número reducido de cuestionarios abertos, mentres que noutras case a totalidade do alumnado respondeu. Neste feito inflúe o carácter optativo ou obrigatorio das materias e a presencialidade do alumnado no día que se realizou a recollida de información. De entrada cabe resaltar, de xeito xeral, un bo nivel de satisfacción por parte do estudantado con relación o desenvolvemento das respectivas materias polo profesorado do Mestrado.

ANÁLISE DE RESULTADOS

A continuación preséntanse, en diferentes táboas e figuras, os resultados obtidos e posteriormente realizase a análise e interpretación dos mesmos.

Táboa 1. Resultados relativas ao módulo de “Desenvolvemento comunitario e compensación das desigualdades”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia	
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES	Desenvolvemento comunitario	OPTATIVA	9	Fortalezas	Recursos/estratexias ofrecidos	6	
					Exemplos prácticos	5	
					Saídas	7	
					Temas relacionados co maltrato infantil	7	
				Debilidades	Traballos en grupo/dificultade para quedar	1	
					Propostas/Melloras	Ampliar as horas presenciais	5
						Realizar os traballos de grupo na aula	2
	Compensación das desigualdades na educación	OBRIGATORIA	14	Fortalezas	Temas relacionados coa cultura xitana	3	
					Experiencias prácticas	12	
					Diversidade de enfoques do profesorado	6	
					Actividade do módulo	9	
				Debilidades	Escasa coordinación docente na explicación dos traballos	3	
					Actividades de grupo moi longas	2	
					Falta de recursos para o traballo na aula	2	
				Propostas/Melloras	Dispoñer de máis material	1	
					Cambiar a orde de impartición dos contidos	8	
Ampliar horas presenciais da materia	3						

Táboa 2. Resultados relativos ao módulo de “Xénero e educación”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
XÉNERO E EDUCACIÓN	Xénero e educación	OBRIGATORIA	17	Fortalezas	Calidade profesional das docentes	6
					Actividades de física-deportiva	2
					Actividade de módulo	6
					Debates	4
					Actividades prácticas	7
				Debilidades	Escasa cohesión grupal	2
					Propostas/ Melloras	Compartir experiencias
				Realizar traballo grupal na aula		2
				Aumentar as horas presenciais		5
	Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas	OPTATIVA	6	Fortalezas	Profesorado motivador	3
					Profesionalidade do profesorado	2
					Aprendizaxe de novos conceptos/ideas sobre sexo/xénero	5
				Debilidades	Frío na aula	4
					Propostas/ Melloras	Máis documentais
Aumentar as horas presenciais				2		

Táboa 3. Resultados relativos ao módulo de “Interculturalismo e educación”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
INTER-CULTURALISMO E EDUCACIÓN	Interculturalismo no entorno socioeducativo	OPTATIVA	8	Fortalezas	Visionado de documentais e reflexión posterior	5
				Debilidades	Falta de concreción na avaliación	2
					Falta de cohesión/unidade entre os temas	3
				Propostas/ Melloras	Cambiar menos de aula	3
					Renovación do profesorado maior	2
					Maior coordinación do profesorado	2
	Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida	OPTATIVA	6	Fortalezas	Oferta de recursos	6
					Inclusión do galego	2
					Debates interesantes	1
				Debilidades	Metodoloxía obsoleta nalgunhas sesións	2
					Algunhas sesións monótonas e inadecuadas	4
				Propostas/ Melloras	Incluír actividades máis innovadoras	3
	Renovación de profesorado máis activo/dinámico	2				
	Interculturalismo en contextos escolares	OBRIGATORIA	15	Fortalezas	Estratexias/Recursos para traballar o interculturalismo no contexto escolar	10
					Interese dos contidos/dinamismo das últimas sesións	8
					Actividade de módulo	11
					Debates sobre o interculturalismo	3
					Temas sobre a escolarización doutras culturas	2
Debilidades				Moita teoría	8	
				Falta de claridade na explicación sobre a realización do traballo	3	
				Non ter en conta a unha compañeira estranxeira	11	
				Pouca coordinación do profesorado	4	
Propostas/ Melloras				Maior coordinación do profesorado	6	
	Ter en conta a alumnado estranxeiro	7				

Táboa 4. Resultados relativos ao módulo de “Procesos formativos en persoas adultas”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Participantes	Categorización		Frecuencia
PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS	Educación de adultos	OBRIGATORIA	16	Fortalezas	Saídas	9
					Actividade de módulo	11
					Visionado cortos	2
				Debilidades	Volume do profesorado	4
					Extensión traballo monográfico	8
				Propostas/ Melloras	Facer traballos grupais na aula	6
					Mellorar a distribución da materia entre docentes	4
					Cambiar a orde da temática impartida	4
				Calidade de vida para as persoas maiores	OPTATIVA	8
	Metodoloxía e profesionalidade do profesorado	4				
	Boa coordinación do profesorado	2				
	Debilidades	Pouco tempo para a realización do traballo	3			
Propostas/ Melloras	Facer saídas	2				
	Cambiar a orde das sesións	1				

Táboa 5. Resultados relativos ao módulo de “Necesidades educativas especiais”

Módulo	Materia	Carácter	Nº Particip.	Categorización		Frecuencia
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas	OBRIGATORIA	13	Fortalezas	Aportacións metodoloxías	2
					Interese dos contidos tratados	2
					Actividade de módulo	10
				Debilidades	Coordinación profesorado	2
					Propostas/Mellora	Mellorar a disposicións das sesións/dinamismo
				Aumentar intervencións		2
				Aumentar a duración desta materia		1
	Calidade de vida das persoas con discapacidade	OPTATIVA	5	Fortalezas	Saídas	2
					Todos os contidos tratados	1
					Parte práctica/charlas	3
				Debilidades	Algúns contidos anticuados	2
					Propostas/Melloras	Aumentar a duración desta materia
				Renovar contidos		2
	Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades	OPTATIVA	6	Fortalezas	Contidos creatividade e motivación	2
					Aportacións ferramentas (Tests)	3
Debilidades				Enfocado á educación formal	1	
				Moita teoría	5	
Propostas/Melloras				Traballar outros perfiles profesionais	1	
				Aumentar as prácticas	5	

Táboa 6. Presentación atomizada e global de resultados

Fortalezas	f	Propostas de mellora	f
Temáticas ou materias interesantes/actuais	20	Ampliar as horas presenciais das materias	18
Charlas/Saídas	21	Reducir teoría	13
Casos prácticos/ prácticas	27	Diminuír traballos/Actividades	6
Recursos empregados	25	Realización dos traballos na aula	10
Actividade de módulo	47	Incrementar as prácticas	12




Figura 1. Fortalezas e propostas de mellora globais




Figura 2. Fortalezas por materia




Figura 3. Debilidades por materia




Figura 4. Propostas de mellora por materia

En canto ás materias do módulo DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES (táboa 1), na de *Desenvolvemento comunitario* o alumnado destaca como fortalezas: a saída a Down Ourense, os contidos expostos en relación ao tema do maltrato infantil e os recursos/estratexias ofrecidas para detectar o maltrato infantil. Como propostas de mellora propoñen ampliar máis a temporalización desta materia e realizar os traballos de grupo na aula en horario lectivo. Por outro lado, na materia *Compensación das desigualdades na educación*, o alumnado enquisado afirma que as súas principais fortalezas se basean nas experiencias prácticas que se ofrecen que son de gran utilidade, así como a actividade de módulo e a diversidade de enfoques que ten o profesorado. Como proposta de mellora propónse cambiar a orde da impartición dos contidos.

No módulo de XÉNERO E EDUCACIÓN (táboa 2), a materia de *Xénero e educación* desperta interese no alumnado, en particular a través da actividade de módulo. Tamén son destacadas como fortalezas o conxunto de todos os contidos abarcados na materia e a calidade profesional das docentes. As valoracións son tan positivas que a maioría das persoas enquisadas afirma que non cambiaría nada en relación ás propostas de mellora. Con todo se teñen que propoñer algunha mellora sería que os traballos grupais se fixeran na aula en horario lectivo. No obstante na *materia Da inxustiza das desigualdades á riqueza das diferenzas*, entre outras, o estudantado entende que conta cunha temática novidosa, que posibilita a aprendizaxe de novos conceptos en relación a temas de sexo/xénero. Ademais tamén se destaca a boa coordinación e o enfoque das profesoras, así como a súa carga motivacional. Con todo, algún estudante desexaría ver máis documentais e manifestan o seu descontento co clima da aula, que indican que fai moito frío.

No relativo ao módulo de INTERCULTURALISMO E EDUCACIÓN (táboa 3), da materia *Interculturalismo no entorno socioeducativo cabe* destacar a relevancia que lle da ó visionado dun documental, pois este tipo de actividades permiten o debate e a reflexión sobre os novos contidos. Como propostas de mellora apúntase a conveniencia de non cambiar tanto de aula durante o desenvolvemento das sesións. Pola súa banda, a materia *Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida* é valorada, sobre todo, pola oferta de recursos tanto online como en papel e a inclusión da lingua galega. Apenas se propoñen melloras para esta materia, a non ser a posible renovación e selección de profesorado máis activo e dinámico para algunhas das sesións e a realización de actividades máis innovadoras. No tocante á materia *Interculturalismo en contextos educativos*, as fortalezas destacadas son a actividade do módulo así como as estratexias/recursos para traballar o interculturalismo no contexto escolar. Con todo, propónse unha maior coordinación do profesorado e que este mostre actitudes máis empáticas a favor do interculturalismo (este curso había unha rapaza India).

No caso do módulo PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS (táboa 4) o alumnado destaca como fortalezas da materia *Educación de adultos* a propia actividade de módulo, así como as saídas realizadas. En xeral, non cambiarían nada salvo a realización do traballo grupal na aula (que consideran bastante extenso). Na materia *Calidade de vida para as persoas maiores* destacan como aspectos positivos o desenvolvemento práctico dos contidos e a metodoloxía do profesorado. Aínda que en xeral o nivel de satisfacción é alto, propóñense cambiar a orde das sesións e levar unha actividade para facer cos usuarios/as dos centros que se visitan.

No módulo *NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS* (táboa 5) con relación a materia *Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas cabe sinalar* como fortalezas a actividade de módulo. Con todo, apúntase como proposta de mellora a mellor disposición das sesións e dinamismo. Mentres que na materia de *Calidade de vida das persoas con discapacidade* é unha materia que destaca, de forma especial, pola súa parte práctica e as visitas, mentres que como proposta de mellora faise referencia a renovar os contidos. Por outra parte, na materia *Medidas de atención á diversidade en persoas con altas capacidades* destacan como fortalezas, pola aportación de ferramentas (Test) e os contidos relativos a creatividade e motivación. Con todo, como elementos de mellora propónse reducir a carga teórica a favor de máis sesións prácticas, e tamén traballar outros contextos do mundo das altas capacidades sen considerar só a educación formal.

CONCLUSIÓNS

Como conclusións cabe destacar que:

En xeral a satisfacción que reflexa o estudantado en relación ao desenvolvemento das clases do profesorado das distintas materias é boa. Os contidos tratados resultan interesantes e as actividades prácticas son valoradas moi positivamente. Asimismo tamén destacan a profesionalidade do profesorado, especialmente aqueles que traballan co colectivo a estudar e lle contan experiencias. Neste sentido, valoran as saídas, ao poñerse en contacto directamente co mundo laboral.

A análise realizada é moi útil para conseguir unha mellora real do mestrado a través das respectivas materias, de cara o curso próximo. Asimesmo, é un medio efectivo para que as/aos docentes tomen conciencia de que cambios deben incorporar. A súa vez, son útiles para tomar decisións, de ser o caso, na Comisión Académica do mestrado e tamén pola CGIC.

ANEXOS

Ficha técnica da actividade

Guión cuestionario aberto

FICHA TÉCNICA DO DESEÑO DA ACTIVIDADE DE AVALIACIÓN (R3 - MC05 P1)
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Previsións temporais		Metodoloxía de medición	
Período(s) de recollida de datos	Prazo de presentación dos resultados	Método de medición	Técnica de recollida de datos
Unha vez finalizada cada materia)	Resultados por materia: unha vez semana despois da aplicación do cuestionario. Resumo de todas as materia: final de curso académico. Análise e valoración dos resultados: no momento da elaboración do Seguimento do Título	Metodoloxía cualitativa. Tipo de análise: Análise de contido. Instrumento: cuestionario preguntas abertas. Recollida directa dos datos.	Cuestionario aberto.

Obxectivos da avaliación

Obter información relativa á satisfacción do estudiantado respecto ás fortalezas e debilidades do funcionamento do título (aspectos cos que están mais satisfeitos-as e aspectos que mellorarían), que resulta útil para a mellora da calidade do Mestrado.

Complementar a información obtida en outras enquisas que tratan aspectos ligados ao funcionamento das titulacións noutros eidos (avaliación da actividade docente, mobilidade, prácticas externas ...).

Recursos necesarios que se empregan

Persoal para aplicar, recoller os datos, sintetizar e analizar as narrativas do cuestionario aberto, materia a materia e valoración de conxunto.

Datos técnicos

- **Poboación**
Todo o estudiantado do Mestrado do respectivo curso académico en formación.
- **Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)**
Non aplicable (participa a totalidade do alumnado do Mestrado).
- **Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes e reunións)**
Todo o alumnado matriculado en cada materia.
- **Técnica de grupo**
Non se emprega esta técnica.
- **Modelo de medición**
Non se emprega un modelo estadístico, xa que se realiza unha análise de contido.
- **Metodoloxía para a recollida de datos**
Metodoloxía cualitativa. Instrumento: cuestionario de preguntas abertas. Recollida directa dos datos, anonimamente.

Escala de valoración:

Non existe unha escala de valoración, xa que se emprega unha metodoloxía cualitativa. A preguntas planteadas son abertas, por elo empréganse técnicas cualitativas de análise de datos, recolléndose todas as aportacións. A análise final ten en conta o reconto de frecuencia das categorías obtidas.

- **Referencias comparativas**
Non existen nin se consideran referencias comparativas estandarizadas. A valoración realízase tendo en conta dous criterios básicos: (1) os criterios de calidade que se agardan no funcionamento do título, que se empregan posteriormente na mellora das materias; (2) os resultados obtidos en cursos anteriores.
- **Modo de presentación dos resultados**
Os resultados son presentados fundamentalmente en formato de texto, incluíndo: (1) o reconto das categorías en cada materia; (2) un resumo das principais fortalezas e debilidades do conxunto do título.
- **Modo de difusión:**
Os resultados son enviados directamente ao profesorado de cada materia, coa finalidade de que os teñan en conta na revisión das Guías Docentes e na súa actuación para o próximo curso. Tamén son analizados pola coordinación do título, para tomar as decisións que se consideren pertinentes, tanto para algunhas materias concretas, como para o conxunto da plantilla docente.

GUIÓN DO CUESTIONARIO ABERTO

(1) Que é o que mais che gustou da materia? Por que?

(2) Que aspectos ou cuestións cambiarías? Por que? O cuestionario aplícase para cada unha das materias do título, agás Practicum e TFM